

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **23 de decembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

7.- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE (FASE I) 4016/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 23/12/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 21 de decembro de 2016:

1. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,25
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	93,95
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,33
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,30
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	91,97
6	EXCAVACIONES CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	91,71
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,62
8	NAROM, S.L.	91,39
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	89,40
10	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,33

11	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	87,78
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	81,85
13	MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	68,23

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente "*).

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 997,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.